

ESPAZO EUROPEO DE ENSINO SUPERIOR

Declaración conxunta dos ministros europeos de ensino

Bolonia, 19 de xuño de 1999

O proceso europeo, gracias aos logros extraordinarios dos últimos anos, converteuse nunha realidade cada vez máis concreta e relevante para a Unión e os seus cidadáns. As perspectivas de ampliación e de intensificación das relacións con outros países europeos proporcionanlle a esa realidade unhas dimensións aínda máis amplas. Ó mesmo tempo, estamos vendo unha concienciación cada vez maior, en moitas partes do mundo político-académico e na opinión pública, da necesidade de darlle á construción europea unha articulación diferenciada e completa, reforzando sobre todo as súas dimensións intelectuais, sociais, científicas e tecnolóxicas.

A Europa dos coñecementos está amplamente recoñecida como factor insubstituíble para o crecemento social e humano, e como elemento indispensable para consolidar e enriquecer a cidadanía europea, capaz de proporcionarlles ós seus cidadáns as competencias necesarias para afrontar os retos do novo milenio, xunto coa conciencia dos valores compartidos e da pertenza a un espazo social e cultural común.

A importancia da educación e da cooperación educativa no desenvolvemento, e o reforzamento de sociedades estables, pacíficas e democráticas é recoñecida por todos como fundamental, aínda máis á vista da situación na Europa suroriental.

Baseándose nestas formulacións, a declaración da Sorbona do 25 de maio de 1998, subliñou o papel central das universidades no desenvolvemento da dimensión cultural europea. Así mesmo, fixo fincapé na construción do espazo europeo de ensino superior como un instrumento clave na promoción da mobilidade e as oportunidades de emprego dos cidadáns, e o desenvolvemento global do continente.

Varios países europeos aceptaron a invitación de comprometerse a conseguir os obxectivos expostos na declaración, tanto os que a asinaron como os que expresaron o seu acordo. A dirección tomada por varias reformas do ensino superior, postas en marcha mentres tanto en Europa, é unha demostración palpable do compromiso de moitos gobernos de actuar neste senso.

Pola súa parte, as institucións europeas de ensino superior aceptaron o reto e asumiron un papel principal na construción do espazo europeo de ensino superior, dentro do marco dos principios fundamentais expresados na Magna Charta Universitatum de Bolonia de 1988. Este feito é de vital importancia, xa que a independencia e a autonomía das universidades garanten a constante adecuación do sistema de ensino superior e de investigación ás necesidades e esixencias da sociedade e do coñecemento científico.

O rumbo xa está establecido na dirección correcta e con firmes propósitos. Non obstante, a consecución dunha maior compatibilidade e comparabilidade dos sistemas de ensino superior esixe un pulo constante. É preciso apoiala con medidas concretas para realizar avances tanxibles. A reunión do 18 de xuño, na que participaron expertos e estudiosos de todos os nosos países, proporcionou indicacións moi útiles en canto ás iniciativas que cómpre emprender.

Deberíamos analizar sobre todo o obxectivo de incrementar a competitividade internacional do sistema europeo de ensino superior. A vitalidade e eficiencia de calquera civilización poden medirse por medio da atracción que exerce a súa cultura sobre outros países. Necesitamos asegurarnos de que o sistema europeo de ensino superior consiga un grao de atracción en todo o mundo, que se corresponda coas nosas extraordinarias tradicións culturais e científicas.

Ademais de consolidar o noso apoio ós principios xerais expostos na declaración da Sorbona, comprometémonos a coordinar as nosas políticas para acadar a curto prazo, e en calquera caso antes do final da primeira década do terceiro milenio, os seguintes obxectivos, que consideramos de máxima relevancia para o establecemento do espazo europeo de ensino superior e para a promoción mundial do sistema europeo de ensino superior.

- A adopción dun sistema de títulos facilmente lexibles e comparables, acompañado da introducción do Diploma Supplement, para favorecer a *employability* (ocupabilidade) dos cidadáns europeos e a competitividade internacional do sistema europeo de ensino superior. A adopción dun sistema baseado esencialmente en dous ciclos principais, pregraduado e graduado. O acceso ó segundo ciclo precisa da conclusión satisfactoria dos estudos de primeiro ciclo, que durarán un mínimo de tres anos. O título outorgado ó rematar o primeiro ciclo será utilizable como un nivel axeitado de cualificación no mercado laboral europeo. O segundo ciclo debe conducir a un título de máster e/ou doutoramento como en moitos países europeos.
- O establecemento dun sistema de créditos –como no sistema ECTS– como medio de promover a mobilidade de estudantes. Os créditos tamén poderían conseguirse en contextos de educación non superior, como a formación permanente, sempre que estean recoñecidos polas universidades receptoras implicadas.
- A promoción da mobilidade mediante a eliminación dos obstáculos para o pleno exercicio da libre circulación con especial atención ó seguinte:
 - Para os estudantes: o acceso a oportunidades de estudo e formación, e a servizos relacionados.
 - Para profesores, investigadores e persoal técnico-administrativo: o recoñecemento e valorización de períodos de estancia en contextos europeos investigando, ensinando e adestrándose, sen prexuízo para os dereitos adquiridos.
- A promoción da colaboración europea na garantía de calidade con vistas ó deseño de criterios e metodoloxías comparables.
- A promoción das dimensións europeas necesarias no ensino superior, sobre todo no que respecta ó desenvolvemento curricular, a colaboración interinstitucional, os plans de mobilidade e os programas integrados de estudo, formación e investigación.

Comprometémonos a acadar estes obxectivos –dentro do marco das nosas competencias institucionais e con pleno respecto á diversidade de culturas, linguas, sistemas nacionais de ensino e autonomía universitaria– para consolidar o espazo europeo de ensino superior. Con este fin, perseguiremos as vías de colaboración intergubernamental e a de organizacións europeas non gobernamentais con competencias en asuntos de ensino superior. Esperamos que as universidades respondan pronto e de maneira positiva, e que contribúan activamente ó éxito da nosa iniciativa.

Convencidos de que o establecemento do espazo europeo de ensino superior require apoio, vixilancia e adaptación constantes ás necesidades en evolución permanente, decidimos volver reunirnos dentro de dous anos para avaliar os avances conseguidos e as novas medidas para tomar.

- Caspa EINEM. Minister of Science and Transport. (Austria)
- Jan ADÉ. Director General. Ministry of the Flemish Community. Department of Education. (Belgium)
- Eduard ZEMAN. Minister of Education, Youth and Sport. (Czech Republic)
- Toñis LUKAS. Minister of Education. (Estonia)
- Claude ALLÈGRE. Minister of National Education, Research and Technology. (France)
- Ute ERDSIEK-RAVE. Minister of Education, Science, Research and Culture of the Land Schleswig-Holstein. (Permanent Conference of the Ministers of Culture of the German Länders)
- Adam KISS. Deputy State Secretary for Higher Education and Science. (Hungary)
- Pat DOWLING. Principal Officer. Ministry for Education and Science. (Ireland)
- Tatjana KOKE. State Minister of Higher Education and Science. (Latvia)
- Erna HENNICOT-SCHOEPGES. Minister of National Education and Vocational Training. (Luxembourg)
- Loek HERMANS. Minister of Education, Culture and Science. (the Netherlands)
- Wilibald WINKLER. Under Secretary of State of National Education. (Poland)
- Andrei MARGA. Minister of National Education. (Romania)
- Pavel ZGAGA. State Secretary for Higher Education. (Slovenia)
- Agneta BLADH. State Secretary for Education and Science. (Sweden)
- Baroness Tessa BLACKSTONE of Stoke Mewington. Minister of State for Education and Employment. (United Kingdom)
- Gerard SCHMIT. Director General of French Community. Ministry for Higher Education. (Belgium)
- Anna Maria TOTOMANOVA. Vice Minister of Education and Science. (Bulgaria)
- Margrethe VESTAGER. Minister of Education (Denmark)
- Maija RASK. Minister of Education and Science. (Finland)
- Wolf-Michael CATENHUSEN. Parliamentary State Secretary. Federal Ministry of Education and Research. (Germany)
- Gherassimos ARSENIS. Minister of Public Education and Religious Affairs. (Greece)
- Gudridur SGURDARDOTTIR. Secretary General Ministry of Education, Science and Culture. (Iceland)
- Ortensio ZECCHINO. Minister of University and Scientific And Technological Research. (Italy)
- Kornelijus PLATELIS. Minister of Education and Science. (Lithuania)
- Louis GALEA. Minister of Education. (Malta)
- Jon LILLETUN. Minister of Education, Research and Church Affairs. (Norway)
- Eduardo Marçal GRILLO. Minister of Education. (Portugal)
- Milan FTÁČNIK. Minister of Education. (Slovak Republic)
- Jorge FERNÁNDEZ DÍAZ. Secretary of State of Education, Universities, Research and Development. (Spain)
- Charles KLEIBER. State Secretary for Science and Research. (Swiss Confederation)